



SI

O Software Libre nas Empresas de Galicia

EDICIÓN 2017. RESUMO EXECUTIVO

ÍNDICE

Presentación

Principais resultados

I. Posición global

II. Tipoloxías de Software Libre

III. Motivos para non empregar Software Libre

IV. Análise sectorial e provincial

V. Conclusións

I. Presentación

Amosamos os principais resultados dos indicadores sobre **Software Libre nas empresas de Galicia** referidos ao **ano 2017**.

O informe foi realizado polo Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)** da Xunta de Galicia.

Obxectivo:

- Analizar o nivel de implantación e o uso do Software Libre nas empresas de Galicia e a súa evolución, contribuíndo ao coñecemento e ao impulso dos modelos baseados en Software Libre e as súas vantaxes competitivas.

Fontes de información:


- Este estudo foi elaborado no marco do **Convenio de colaboración** asinado entre a Amtega, o IGE e o INE.
- Este acordo establece que os datos procedan da “**Enquisa de uso TIC e comercio electrónico nas empresas**” que realiza o INE e transferidos a través do IGE. Ademais, permite unha ampliación dos datos que ata o momento publicaba o INE no que se refire a:
 - Microempresas
 - Empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade en Galicia.
- A fonte de información dos datos evolutivos anteriores ao ano 2013 proceden das enquisas específicas ás empresas que realizaba o OSIMGA.

Principais Resultados

II. Posición global

EMPRESAS CON Software Libre

(% sobre o total de empresas)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE


✓ A medida que aumenta o número de empregados / as, existe un aumento do uso do Software Libre, o que indica unha influencia dereita entre o tamaño da empresa e o uso de solucións libres.

✓ Aumenta a confianza das microempresas en canto ao Software Libre, xa que mais da metade destas empresas galegas (54,4%) emprega Software Libre.

Principais Resultados

II. Posición global

COMPARACIÓN GALICIA, ESPAÑA E CC.AA.
Empresas de 10 e máis empregados/as con Software Libre
(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



De novo, as empresas da nosa comunidade sitúanse por riba da media nacional, en 5ª posición, superando o uso de Software Libre doutras Comunidades Autónomas como Madrid (87,6%), País Vasco (87,3%), Cantabria (86,7%), Baleares (86,5%), A Rioxa (86,3%) ou Aragón (86,1%).

Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos do INE

Nota: Soamente están dispoñibles os datos por CC.AA. para empresas de 10 e máis empregados/as

Nota: No ranking de Comunidades Autónomas non se computan as cidades autónomas de Ceuta e Melilla

Principais Resultados


II. Posición global



O Software Libre NAS EMPRESAS DE GALICIA

EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 10 e máis empregados/as con Software Libre
(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: OSIGMA-INE

Nota: Non hai datos dispoñibles de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013
Non hai datos dispoñibles dos anos 2009 e 2011

A utilización de Software Libre nas empresas galegas de 10 ou máis traballadores continúa incrementándose ano a ano.

No ano 2017 aumentou o uso de Software libre en **1,4** puntos nas empresas de 10 e máis empregados/as con sede en Galicia, e nun **2,8** nas empresas con sede e / o actividade na nosa comunidade.

Principais Resultados


II. Tipoloxías de Software Libre



O Software Libre NAS EMPRESAS DE GALICIA

TIPOLOXÍAS DE Software Libre

(% sobre o total de empresas)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Os navegadores da internet e as aplicacións ofimáticas reitéranse como as tipoloxías de Software Libre máis utilizadas nas empresas galegas, independentemente do seu tamaño.

O incremento do uso de navegadores de Internet libres respecto ao ano anterior foi:

3,8 puntos nas microempresas

3,6 puntos porcentuais para empresas de 10 ou mais traballadores / as con actividade en Galicia




Principais Resultados

III.Motivos para non empregar Software Libre

MOTIVOS PARA NON EMPREGAR Software Libre

(% sobre o total de empresas)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Barreiras á implantación do Software Libre: vinculadas ao tamaño das empresas

- ❑ O principal obstáculo para o uso do Software Libre nas microempresas continúa sendo o descoñecemento de solucións e a falta de referencias acerca dos produtos libres dispoñibles (o 14,9%), seguido moi de cerca pola inercia do mercado (un 10,8%).
- ❑ Nas empresas de maior número de empregados / as as motivacións máis citadas para impedir a implantación deste tipo de Software son as problemáticas que pode implicar a migración (un 4,4% en empresas con sede en Galicia).

Principais Resultados


IV. Análise sectorial e provincial

☞ De acordo á actividade, as empresas do Sector Servizos teñen maior presenza do Software Libre. É moi utilizado tanto nas de 0 a 9 traballadores / as (62%) como nas de 10 ou máis (92%).

☞ As empresas dedicadas ao Sector da Industria sobresaen no segundo lugar pola súa maior porcentaxe de uso de Software Libre.

EMPRESAS CON Software Libre SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE



EMPRESAS CON Software Libre SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

☞ As microempresas situadas en Pontevedra (60,1%) e as empresas de 10 ou máis traballadores / as situadas en Lugo (97,1%) son que posúen unha maior porcentaxe de uso de Software Libre.

Principais Resultados

V. Conclusións

Dacordo aos resultados e análises actuais referidos ao Software Libre nas empresas de Galicia, resaltamos algunhas propostas de actuacións para tratar de incrementar a implantación do Software Libre:

Propostas de actuación:

- Realizar obradoiros e demostracións de funcionamento de produtos libres
- Ofrecer asesoramento particularizado ás necesidades das empresas
- Axudas ou subvencións para a implantación de Software Libre
- Formación aos usuarios/as, con especial atención ao segmento empresarial das microempresas.



Oficina de Coordinación de
Software Libre



CeMIT | Centros para a Modernización
e Inclusión Tecnolóxica



Colexio Profesional de
Enxeñaría en Informática
de Galicia



CENTRO DE NOVAS TECNOLOXÍAS
DE GALICIA

Para levar a cabo estas propostas, continúan as liñas de actuación promovidas desde Amtega para o fomento do Software Libre, coa colaboración da Oficina de Coordinación de Software Libre, a través de xornadas de demostracións e de formación no Centro Demostrador TIC, CNTG...



XUNTA
DE GALICIA



galicia



Máis información: www.osimga.org